



NOTA INFORMATIVA SOBRE A VACINACIÓN ANTIPNEUMOCÓCICA CONXUGADA EN PACIENTES EN RESIDENCIAS DA TERCEIRA IDADE

setembro 2020

1. INTRODUCCIÓN

A infección por *Streptococcus pneumoniae* produce un amplo rango de patoloxías, dende enfermidades leves do tracto respiratorio superior ata formas graves como pneumonía, meninxite ou sepse que aínda que son menos frecuentes xeran unha maior morbimortalidade.

A vacinación antipneumocócica diminúe esta morbimortalidade, especialmente a enfermidade pneumocócica invasiva e contribúe a reducir o uso de antibióticos e as súas resistencias.

Actualmente dentro do programa galego de vacinación (PGV) dispónse de dúas vacinas fronte ao pneumococo: a vacinas de polisacáridos 23 valente (VNP23) e a conxugada trecevalente (VNC13).

A VPN13 aínda que inclúe menor número de serotipos que a VNP23, xera memoria inmunitaria e unha resposta inmune máis potente, así como, un maior impacto ao actuar sobre a colonización nasofarínxea. Está incluída no PGV, dende o ano 2017, para toda a poboación ao cumprir os 65 anos, estando así indicada para todas aquelas persoas nadas a partir de 1952, ademais de para os grupos de risco.

Vivir agrupados durante longo tempo pode aumentar a exposición e transmisión a enfermidades infecciosas. Sabemos que estas enfermidades son unha causa importante de morbimortalidade en persoas institucionalizadas o que ten unha gran repercusión en ingresos e estancias hospitalarias.

Ademais o que estamos a vivir coa circulación do SARS-CoV-2 agrava a situación xa que a infección por COVID-19 está asociada con un maior risco de infección pneumocócica, sendo o *S. Pneumoniae* o patóxeno máis frecuentemente atopado na farinxe destas persoas.

Así a vacinación pneumocócica en pacientes institucionalizados pode previr infeccións bacterianas primarias e secundarias de xeito que salvará vidas e axudará a reducir a carga de enfermidade sobre o sistema de saúde afectado pola pandemia.





2. INDICACIÓNS DE VACINACIÓN

Todos as persoas de **65 o máis anos** ingresados en residencias da terceira idade e que non tiveran sido vacinados anteriormente coa vacina VNC13.

3. VACINA E PAUTA

Unha única dose de vacina VNC13.

Se recibiu algunha dose VNP23 débese comprobar que transcorreu polo menos un ano para a administración de VNC13 tal e como se indican nos esquemas vacinais da nota informativa sobre *vacinación antipneumocócica en adultos* de xullo de 2017 onde se especifican as posibles combinacións cronolóxicas e que se pode consultar na páxina do programa galego de vacinación

https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/4536/Nota_informativa_vacinacion_antipneumococica_2017.pdf

4. SOLICITUDE DAS VACINAS

As vacinas deberán solicitarse seguindo o procedemento habitual do resto das vacinas, a través da páxina web e axustándose á estimación da demanda de poboación residente 65 ou máis anos do punto de vacinación, tendo en conta que o reparto habitual realízase os xoves de cada semana.

5. REXISTRO DAS DOSES

Débese lembrar que todas as vacinas administradas deben ser rexistradas informaticamente no Rexistro do Programa Galego de Vacinación como un dereito da persoa e tamén para poder facer unha mellor e máis adecuada avaliación das doses subministradas polo Programa.

Santiago de Compostela,
Andrés Paz-Ares Rodríguez
Director Xeral de Saúde Pública

